
UNHA LONGA VIAXE

Texto de DANIEL HERNÁNDEZ CHAMBERS

Ilustracións de FEDERICO DELICADO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 22,5 x 25 cm. 48 páx. 15 €.

Unha longa viaxe (galego)

ISBN 978-84-8464-410-1. MareMar.

Un largo viaje (castelán)

ISBN 978-84-8464-411-8. Obras de autor.

Un llarg viatge (catalán)

ISBN 978-84-16804-56-6. Obres d'autor.

Bidala luzea (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-058-4. Autore liburuaak.

Uma longa viagem (portugués)

ISBN 978-989-749-106-1. Obras de autor.

Un viaggio diverso (italiano)

ISBN 978-88-95933-86-3. Lettura autonoma.

– *Preparádevos. Témonos que ir!*

– *Onde, papá?*

– *Non o sei moi ben, pero a algún lugar lonxe de aquí...*


– *Por que?*

– *Porque a guerra xa comezou.*

Esta é a historia de dúas viaxes que transcorren paralelamente e se entrelazan nesta obra repleta de sensibilidade e delicadeza: unha gansa e a súa cría emprenden o traxecto migratorio cara ás terras cálidas do sur, mentres que unha familia que habita nun territorio en guerra emprende a fuxida cara ao norte. O relato de ambas aventuras coincide en plasmar o temor dos viaxeiros mozos fronte ao desafío, as inclemencias meteorolóxicas que frean o seu voo e os seus pasos, o encontro con outros grupos nas respectivas rutas de tránsito, a escaseza de alimentos, os depredadores e as mafias, o desánimo que agroma polo cansazo en contraposición á confianza e á esperanza que intentan infundir os adultos. E por fin, o maior reto: atravesar o mar, o punto onde as traxectorias se cruzan, con destino desigual..

Nun tempo marcado polo drama dos refuxiados, esta obra oportuna e necesaria de Daniel Hernández Chambers e Federico Delicado alenta a reflexión cunha ollada tenra e dura á vez: tenra por reflectir o lado máis humano dun conflito tamizado pola metáfora das aves; dura pola contundencia dun final que nos sitúa ante a crúa realidade.

As ilustracións descritivas e naturalistas -non exentas de coidados elementos simbólicos- reforzan a mensaxe. Son imaxes de gran plasticidade que transmiten emocións: a tristura, a penuria, a extenuación... e malia todo, a loita, a dignidade, os soños... de millóns de persoas que teñen dereito a vivir en paz e liberdade.



■ **Temática:** migracións.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** historia contemporánea; dereitos humanos; crónica.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-longa-viaxe-g>

Daniel Hernández Chambers



(Tenerife, 1972)

Escritor e tradutor, licenciado en Literatura Inglesa pola Universidade de Alacant. Publicou unha trintena de libros. Recibiu os premios Xuvvenil Everest 2012, Ala Delta de literatura infantil 2016 e Alandar de literatura xuvenil 2017. Foi finalista do Premio Gran Angular 2004 e 2007. A súa obra figura na lista The White Ravens 2017.

Federico Delicado

(Badaxoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. En 1980 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil. Entre as distincións que recibiu destaca o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por “Ícaro”, que tamén figura nas listas de honra The White Ravens 2015 e IBBY (Ilustración) 2016.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
